

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA ONCE DE MAIO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Escusa asistencia D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día once de maio de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o catro de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 601/10 de dona M^a. Esther Raices García

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a construción de peche de parcela, de aproximadamente 40 mts de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Bazar, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 mts de distancia dende o vial; garantirase o natural discurrir das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación

provisional, á cantidade de vinte e catro euros con oitenta e nove céntimos (#24,89#)

2.2.- Instancia num. 597/10 de don Manuel Núñez Villaverde

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a construción de peche de parcela, de aproximadamente 225 mts de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Cimadevila, en solo rústico de agrícola (R.-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza municipal solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal por ser un vial IV en solo rústico; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento corenta (#140,00#) euros

2.3.- Instancia num. 629/10 de don Julio Ponte Garea

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a construción de peche de parcela, de aproximadamente 70 mts de lonxitude, con base de bloques na parte norte e con pedra na parte leste, no lugar de Bazar, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 mts de distancia dende o vial norte e de 6,00 mts dende o vial que pasa polo lado leste da finca; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e tres euros con cincuenta e cinco céntimos (#43,55#)

3º.- Acordo, se procede, sobre tramitación de expedientes ós efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002



3.1.- Expediente para Centro Municipal Polivalente

Dáse conta do expediente promovido, para Centro Municipal Polivalente na parroquia de Vedra. Dáse conta, así mesmo, da exposición ao público, polo prazo de 20 días, do mencionado expediente segundo o anuncio publicado no xornal "La Voz de Galicia" o día 6 de abril de 2010, durante o que non se presentaron alegacións; e do informe emitido polos servicios técnicos municipais para o efecto.

A Xunta de Goberno acorda informar favorablemente a tramitación do expediente mencionado e que se remita ó Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3.2.- Expediente de ampliación de cemiterio de San Mamede de Ribadulla

Dáse conta do expediente promovido pola Asociación de Veciños San Gregorio, para ampliación do cemiterio de San Mamede, na parcela 171 do plano do acordo da concentración parcelaria de Ribadulla, sita no lugar de San Gregorio (San mamede de Ribadulla). Dáse conta, así mesmo, da exposición ó público, polo prazo de 20 días, do mencionado expediente segundo o anuncio publicado no xornal "La Voz de Galicia" o día 9 de abril de 2010, durante o que non se presentaron alegacións e do informe emitido polos servicios técnicos municipais para o efecto.

A Xunta de Goberno acorda informar favorablemente a tramitación do expediente mencionado e que se remita ao Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas particulares que rexerán a adxudicación do contrato de préstamo para investimentos previsto nos orzamentos do 2010

Dáse conta do prego de cláusulas particulares que rexerán a adxudicación, mediante procedemento negociado, dun préstamo a longo prazo por importe de cento sesenta mil (#160.000#) euros destinado ó financiamento de infraestruturas básicas, culturais e deportivas, que figuran no orzamento municipal aprobado en sesión plenaria de data 4 de marzo

As condicións particulares son as seguintes: prazo de amortización: 8 anos; número de cotas: 32 (periodicidade trimestral); xuros: variable (euribor a 3 meses) ou fixo; exento de comisións de apertura, estudo , amortización anticipada e de cancelación; xuros de demora: variable ou fixo

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado prego

5º.- Outros asuntos

5.1.- Solicitud de subvención á Consellería de Traballo e Benestar



Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar , do 22 de abril de 2010, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2010 e se procede á súa convocatoria (DOG num. 84/10, do 5 de maio).

Ó abeiro da mesma a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención segundo memoria elaborada ó efecto

5.2.- Solicitud de de subvención para a promoción do uso da lingua galega

Dáse conta da Resolución do 16 de abril de 2010, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia, para a promoción do uso da lingua galega (DOG num. 75/10, do 22 de abril)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda :

1º.-Solicitar unha subvención para a dinamización lingüística do concello, segundo memoria elaborada ó efecto

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada resolución

5.3.- Xestión integral da piscina municipal ó aire libre

Dáse conta da proposta de servizos presentada polo Grupo Acofide, S.C, con domicilio social de Nande nº22 -San Fins de Sales, que ten por obxecto a xestión da piscina municipal durante o periodo estival (do 12 de xuño ó 12 de setembro).

O contrato incluíría, entre outros, os seguintes servizos: limpeza inicial da piscina e instalacións; mantemento da mesma (limpeza, produtos para o tratamento da auga e control dos parámetros esixidos, analíticas mensuais da auga, control de entradas, servizo de cafetería, ..etc) así como a dotación do persoal (socorrista e técnico en primeiros auxilios con titulación suficiente, recepcionista para control de entradas e limpeza de instalacións e técnico en mantemento para controlar o adecuado funcionamento e solventar na medida que lle competa á empresa problemas que puidesen xurdir no vaso, sala de máquinas ou resto de instalacións). Ademais a empresa como melloras oferta unha festa inicial no mes de xullo, coa colocación de inchables acuáticos e música ambiente e a opción de establecer 8 horas semanais de cursos de natación.

O presuposto ofertado ascende á cantidade de nove mil cento setenta e seis euros (#9.176,00#) máis IVE, a pagar en 4 mensualidades

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada proposta

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e cincuenta minutos

